

José M. Fernández Cadahia.
Pilar Sampil Sánchez.

Pola *Confederación Intersindical Galega (CIG)*:
Fernando Fernández González.
Jesús Costa Argibay.

ANEXO I

Base cálculo incremento salarial: 11,9980; % incremento: 3%; 12,3579.

Tomando como base salarios vixentes durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2003.

Salario base de convenio por día e punto de cualificación: 12,3579:

366 días naturais: 4.523,01.

60 días pagas extras: 741,48.

34,08, 8% paga beneficios sobre 425 días: 421,16.

460,08 días: 5.685,64.

Táboa salarial ano 2004

Persoal coa retribución mensual

Módulo salarial: $12,3579 \times 365:12 = 375,8873$ euros/mes

Coefficiente	Base convenio	1 trienio 3 anos 3%	2 trienios 6 anos 6%	1 lustro 11 anos 9%	2 lustros 16 anos 12%	3 lustros 21 anos 15%	4 lustros 26 anos 18%	5 lustros 31 anos 21%	6 lustros 36 anos 24%	7 lustros 41 anos 27%	8 lustros 46 anos 30%
1,28	481,14	495,57	510,00	524,44	538,87	553,31	567,74	582,17	596,61	611,04	625,48
1,34	503,69	518,80	533,91	549,02	564,13	579,24	594,35	609,46	624,57	639,69	654,80
1,40	526,24	542,03	557,82	573,60	589,39	605,18	620,97	636,75	652,54	668,33	684,11
1,47	552,55	569,13	585,71	602,28	618,86	635,44	652,01	668,59	685,17	701,74	718,32
1,55	582,63	600,10	617,58	635,06	652,54	670,02	687,50	704,98	722,46	739,93	757,41
1,63	612,70	631,08	649,46	667,84	686,22	704,60	722,98	741,36	759,74	778,12	796,51
1,70	639,01	658,18	677,35	696,52	715,69	734,86	754,03	773,20	792,37	811,54	830,71
1,80	676,60	696,90	717,19	737,49	757,79	778,09	798,38	818,68	838,98	859,28	879,58
1,90	714,19	735,61	757,04	778,46	799,89	821,31	842,74	864,16	885,59	907,02	928,44
2,00	751,77	774,33	796,88	819,43	841,99	864,54	887,09	909,65	932,20	954,75	977,31
2,10	789,36	813,04	836,73	860,41	884,09	907,77	931,45	955,13	978,81	1.002,49	1.026,17
2,20	826,95	851,76	876,57	901,38	926,19	950,99	975,80	1.000,61	1.025,42	1.050,23	1.075,04
2,30	864,54	890,48	916,41	942,35	968,29	994,22	1.020,16	1.046,09	1.072,03	1.097,97	1.123,90
2,40	902,13	929,19	956,26	983,32	1.010,39	1.037,45	1.064,51	1.091,58	1.118,64	1.145,70	1.172,77
2,50	939,72	967,91	996,10	1.024,29	1.052,48	1.080,68	1.108,87	1.137,06	1.165,25	1.193,44	1.221,63
2,60	977,31	1.006,63	1.035,95	1.065,26	1.094,58	1.123,90	1.153,22	1.182,54	1.211,86	1.241,18	1.270,50
2,80	1.052,48	1.084,06	1.115,63	1.147,21	1.178,78	1.210,36	1.241,93	1.273,51	1.305,08	1.336,66	1.368,23
3,00	1.127,66	1.161,49	1.195,32	1.229,15	1.262,98	1.296,81	1.330,64	1.364,47	1.398,30	1.432,13	1.465,96
3,10	1.165,25	1.200,21	1.235,17	1.270,12	1.305,08	1.340,04	1.375,00	1.409,95	1.444,91	1.479,87	1.514,83
3,90	1.465,96	1.509,94	1.553,92	1.597,90	1.641,88	1.685,85	1.729,83	1.773,81	1.817,79	1.861,77	1.905,75

Táboa salarial ano 2004

Persoal coa retribución diaria

Módulo salarial: 12,3579 euros/día

Coefficiente	Base convenio	1 trienio 3 anos 3%	2 trienios 6 anos 6%	1 lustro 11 anos 9%	2 lustros 16 anos 12%	3 lustros 21 anos 15%	4 lustros 26 anos 18%	5 lustros 31 anos 21%	6 lustros 36 anos 24%	7 lustros 41 anos 27%	8 lustros 46 anos 30%
1,28	15,82	16,29	16,77	17,24	17,72	18,19	18,67	19,14	19,61	20,09	20,56
1,34	16,56	17,06	17,55	18,05	18,55	19,04	19,54	20,04	20,53	21,03	21,53
1,40	17,30	17,82	18,34	18,86	19,38	19,90	20,42	20,93	21,45	21,97	22,49
1,47	18,17	18,71	19,26	19,80	20,35	20,89	21,44	21,98	22,53	23,07	23,62
1,55	19,15	19,73	20,30	20,88	21,45	22,03	22,60	23,18	23,75	24,33	24,90
1,63	20,14	20,75	21,35	21,96	22,56	23,16	23,77	24,37	24,98	25,58	26,19
1,70	21,01	21,64	22,27	22,90	23,53	24,16	24,79	25,42	26,05	26,68	27,31
1,80	22,24	22,91	23,58	24,25	24,91	25,58	26,25	26,92	27,58	28,25	28,92
1,90	23,48	24,18	24,89	25,59	26,30	27,00	27,71	28,41	29,12	29,82	30,52
2,00	24,72	25,46	26,20	26,94	27,68	28,42	29,16	29,91	30,65	31,39	32,13
2,10	25,95	26,73	27,51	28,29	29,07	29,84	30,62	31,40	32,18	32,96	33,74
2,20	27,19	28,00	28,82	29,63	30,45	31,27	32,08	32,90	33,71	34,53	35,34
2,30	28,42	29,28	30,13	30,98	31,83	32,69	33,54	34,39	35,24	36,10	36,95

Complemento lineal do convenio ano 2004 aumento do 3%.

Tomando como base o complemento lineal vixente durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2003 e o 31 de decembro de 2003: 3.384,32 €.

Complemento lineal ano 2004: 3.485,85 €.

Resolución do 10 de xaneiro de 2005, da Delegación Provincial da Coruña, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do convenio colectivo do sector de comercio de mobles.

Visto o expediente do convenio colectivo do sector de comercio de mobles (código de convenio núme-

ro 1500335), que tivo entrada nesta delegación provincial o día 23-11-2004, complementada o día 20-12-2004 e subscrito pola parte económica pola Asociación Provincial de Empresas de Comercio de Mobles da Coruña, e pola parte social por UGT, CC.OO. e CIG o día 18-11-2004, de conformidade co disposto no artigo 90.2º e 3º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos tra-

balladores, Real decreto 1040/1981, do 22 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios colectivos de traballo, e Real decreto 2412/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de traballo, esta delegación provincial

ACORDA:

Primeiro.-Ordenar a súa inscrición no libro de rexistro de convenios colectivos de traballo, existente nesta delegación provincial, e notificación ás representacións económica e social da comisión negociadora.

Segundo.-Ordenar o depósito do citado acordo no Servizo de Relacións Laborais, Sección de Mediación, Arbitraje e Conciliación.

Terceiro.-Dispoñer a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

A Coruña, 10 de xaneiro de 2005.

Cristina Azpilcueta González
Delegada provincial da Coruña

Convenio colectivo provincial para as empresas de comercio de mobles da Coruña (2004-2005)

Artigo 1º

Este convenio é de obrigada aplicación para todas as empresas e traballadores da provincia da Coruña dedicadas ao comercio de mobles. Exceptúanse aquelas empresas que teñan convenio propio, sempre que as súas condicións, no seu conxunto, sexan superiores ás aquí pactadas.

Artigo 2º.-Vixencia.

O convenio páctase por dous anos, desde o 1 de xaneiro de 2004 ata o 31 de decembro de 2005.

Artigo 3º.-Cláusula de garantía.

O incremento salarial do convenio será do IPC máis o 1% para o ano 2004 e do IPC máis 1,25% para o ano 2005. Garantirase un incremento salarial equivalente ao IPC real máis 1% para o ano 2004, e para o ano 2005 garantirase un incremento salarial equivalente ao IPC real máis 1,25%.

Artigo 4º.-Denuncia.

Calquera das partes poderá denunciar o convenio con, polo menos, dous meses de antelación ao termo da súa vixencia, mediante as formalidades previstas no Estatuto dos traballadores.

Artigo 5º.-Respecto de dereitos, compensación e absorción.

Respectaráselles a todos os traballadores as situacións persoais actualmente consolidadas en canto determinen maiores dereitos dos concedidos por este convenio respecto ás materias obxecto da súa regulación.

Todas as melloras contidas neste convenio, estimadas no seu conxunto, se establecen co carácter de mínimas, polo que os pactos, cláusulas ou situacións actualmente implantadas nas distintas empresas, que impliquen situacións máis beneficiosas que as convidadas, serán respectadas e non suprimidas.

Artigo 6º.-Condicións económicas.

As condicións retributivas do persoal afectado por este convenio serán as que se conteñen nas táboas

salariais que se unen como anexo, que son o resultado dun incremento do IPC máis 1%, para o primeiro ano de vixencia, e do IPC máis 1,25% para o segundo ano de vixencia, sobre todos os conceptos económicos.

Artigo 7º.-Antigüidade.

Os quadrienios previstos no artigo 38 da ordenanza laboral do comercio consistirán na percepción do 5% do salario base por cada quadrienio, con respecto a cada categoría.

Artigo 8º.-Gratificacións extraordinarias.

Establécense tres pagas extraordinarias, que se farán efectivas nos días laborables inmediatamente anteriores ao 15 de xullo e ao 22 de decembro, e dentro do primeiro trimestre do ano a correspondente ao mes de marzo.

As tres pagas aboaranse cunha mensualidade do salario base e antigüidade que figuran na táboa anexo deste convenio.

Artigo 9º.-Incapacidade laboral transitoria.

O persoal comprendido no réxime de asistencia á Seguridade Social, ademais dos beneficios outorgados por ela, terá dereito, en caso de enfermidade ou accidente debidamente acreditado, a que a empresa lle complete as prestacións obrigatorias desde o primeiro día da súa percepción ata o importe íntegro das súas retribucións, cun tempo máximo de 12 meses.

Artigo 10º.-Premio de xubilación.

O premio establecido por xubilación para aqueles traballadores con máis de vinte anos de permanencia na empresa quedará fixado en dúas mensualidades de salario base e antigüidade para os afectados por este convenio.

Artigo 11º.-Incentivo á xubilación anticipada.

O traballador que, por proposta da empresa e de acordo entre ambas as partes, se xubile voluntariamente con anterioridade a cumprir os 65 anos, terá dereito a percibir por parte da empresa unha cantidade periódica que, sumada á prestación por xubilación, sexa igual ao 100 por cento da base reguladora establecida polo INSS para o cálculo da pensión ata cumprir 65 anos.

Percibirá ademais, no momento de se xubilar, un premio equivalente á doceava parte do salario anual.

A xubilación será obrigatoria aos 65 anos para todos os traballadores cuxa cotización lles permita xubilarse co 100 por cento da base reguladora.

Artigo 12º.-Xornada laboral.

A xornada laboral será de 40 horas semanais, que supón un cómputo anual de 1.818 horas, agás que por norma de rango superior se cambiase a dita xornada ou cómputo anual.

Artigo 13º.-Licenzas retribuídas.

Ademais dos días sinalados no artigo 37 do Estatuto dos traballadores, os traballadores afectados por este convenio terán dereito ás seguintes licenzas retribuídas:

a) Dous días por asuntos propios, que poderán ser acumulados ás vacacións, logo de acordo coa empresa.

b) Por matrimonio, 16 días, que poderá acumular ás vacacións, logo de aviso á empresa.

c) Polo tempo indispensable para a realización de exames prenatais e técnicas de preparación ao parto.

d) Un día pola voda de pais, irmáns e fillos, coincidente coa data de celebración do evento.

e) As/os traballadores que teñan fillos menores de 9 meses terán dereito a reducir a súa xornada ordinaria nunha hora por lactación, tanto ao inicio como ao final da súa xornada, conforme a Lei de conciliación da vida familiar.

Todas as licenzas recollidas tanto neste convenio como no Estatuto dos traballadores serán tamén de aplicación para as parellas de feito, inscritas como tales no Rexistro Civil.

Artigo 14º.-Vacacións.

Os traballadores desfrutarán dun período de trinta días naturais de vacacións, preferentemente no verán. Poderanse establecer quendas rotatorias para a elección do período de vacacións, comezando polo traballador de máis antigüidade.

Artigo 15º.-Desprazamentos.

Os traballadores que, por necesidade da súa función, teñan que desprazarse e efectuar fóra do seu domicilio algunha comida ou ben pernoitar, terán dereito a que a empresa lles aboe os gastos correspondentes, logo de presentación do xustificante deles.

Artigo 16º.-Horas extraordinarias.

A realización de horas extraordinarias será voluntaria para o traballador.

Suprimense as horas extraordinarias habituais.

O valor da hora extraordinaria será do 75% de incremento sobre o valor da hora ordinaria. As horas realizadas en domingos e festivos do 200%, exceptuándose as realizadas en días extraordinarios de feira, que terán un incremento do 75%.

Poderanse aboar as horas extraordinarias en tempo equivalente de descanso unicamente por petición do traballador, e coa mesma proporción sinalada no parágrafo anterior.

Artigo 17º.-Garantías sindicais.

As empresas respectarán o dereito dos traballadores a se sindicaren libremente.

Os traballadores afiliados a un sindicato ou asociación legalmente constituídos poderán distribuír información e recadar cotas fóra das horas de traballo, sen perturbar a actividade normal da empresa.

Por requirimento dos traballadores afiliados a un sindicato con incidencia superior ao 15% do cadro de persoal do centro de traballo, as empresas descontarán da nómina do persoal o importe da cota sindical correspondente. O traballador interesado remitiralle un escrito á empresa no cal expresará a orde de desconto, a central a que pertence, a contía da cota, así como o número de conta corrente a que debe ser transferida a cantidade. Iso na empresa que conte con máis de trinta traballadores.

As empresas efectuarán as ditas detraccións, agás indicación en contra, durante períodos dun ano.

Os representantes dos traballadores, elixidos conforme a normativa vixente, disporán dun crédito de horas para o desenvolvemento da súa actividade sindical.

As horas retribuídas dos membros do comité de empresa de empresas de máis de trinta traballadores poderán acumularse para seren desfrutadas por un ou varios de entre eles, sen exceder do número total de horas e logo de acordo entre os interesados, notificándollo á dirección da empresa con oito días de antelación ao comezo do mes de que se trate, e cando non supoña alteración grave do réxime laboral dela.

Artigo 18º.-Comisión paritaria.

Constituirase unha comisión integrada por dous representantes dos empresarios e dous dos traballadores, para a interpretación, arbitraje e vixilancia do cumprimento do convenio entre as centrais UGT e CC.OO e CIG, e a *Asociación de Empresas do Comercio do Moble*.

Parte empresarial:

-Miguel Agromayor Vázquez.

-Fernando Fernández Fernández.

-José Fernández Bonome.

-Francisco Javier González Outumuro.

Parte social:

-Francisco Cousillas (CC.OO).

-Nieves Montes Patiño (UGT).

-Álvaro Cagigal (UGT).

-Alfredo Santomil (CIG).

Artigo 19º.-Seguro de accidente.

As empresas subscribirán un seguro de accidente que cubra os seguintes riscos durante as 24 horas do día:

a) Morte por accidente.

b) Invalidez absoluta e total por accidente.

O capital asegurado será de 15.000 euros en ambos os casos, para o primeiro ano de vixencia, e de 18.000 euros para o segundo ano de vixencia. A cobertura para o ano 2004 entrará en vigor no momento da publicación deste convenio no BOE ou DOG correspondente.

As empresas que contratasen o seguro correspondente cunha compañía aseguradora non responderán subsidiariamente, en ningún caso, do pagamento da indemnización correspondente aos accidentes aquí recollidos.

Artigo 20º.-Cláusula de desvinculación.

As empresas que tivesen perdas durante os exercicios 2002 e 2003 e as previsións para 2004 e 2005 fosen similares, poderán prescindir da aplicación dos salarios pactados neste convenio.

No prazo de dous meses desde a publicación deste convenio, as empresas que se pretendan acoller a esta cláusula deberánlle presentar a solicitude á comisión mixta do convenio, ante a que deberán acreditar, no caso de sociedades e empresas obrigadas pola normativa fiscal, a levar a contabilidade, e as contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil e as declaracións correspondentes presentadas ante a Axencia Tributaria. As demais empresas deberán acreditar mediante a documentación que acredite suficientemente a súa situación ao xuízo da comisión.

Poderase solicitar a presenza dos representantes dos traballadores, así como da documentación aclaratoria que se considere necesaria.

De non existir acordo no seo da comisión mixta, as partes acordan o sometemento á arbitrase do AGA.

As empresas acollidas a esta cláusula, de acordo cos traballadores, poderán aplicar incrementos salariais menores aos aquí pactados ou, mesmo, non incrementar os salarios durante a vixencia do convenio.

Todos os membros da comisión, así como os seus asesores, están obrigados a manter na maior reserva a información recibida, observando o maior sigilo profesional.

Artigo 21º.-Contratación temporal.

Son traballadores eventuais aqueles admitidos para atender as exixencias circunstanciais do mercado, acumulación de tarefas ou pedidos, mesmo tratándose da actividade normal da empresa, sempre que así conste por escrito. Os traballadores así contratados terán os mesmos dereitos e igualdade de trato que os demais traballadores do cadro de persoal, agás as limitacións que deriven da natureza e duración do seu contrato.

O contrato previsto no artigo 15.1º b) do Estatuto dos traballadores poderá ter unha duración máxima de doce meses dentro dun período de dezaseis meses.

Artigo 22º.-Contratación indefinida.

As empresas están obrigadas a ter unha porcentaxe de emprego fixo respecto ao cadro de persoal total de, polo menos, un 50%.

Por petición da representación legal dos traballadores, as empresas entregaránlle por escrito á dita representación, semestralmente, a relación de traballadores coa modalidade de contrato que ten cada un deles. A comisión paritaria poderá requirir das empresas a mesma información.

Así mesmo, de acordo co establecido na alínea b) do punto 2 da disposición adicional primeira da Lei 63/1997, ambas as partes coinciden en que, durante toda a vixencia deste convenio, será posible a conversión de todos os contratos temporais celebrados durante a vixencia deste convenio no contrato para o fomento da contratación indefinida, regulado pola dita disposición.

ANEXO

Táboas salariais para as empresas de comercio de mobles da Coruña (2004-2005)

Categoría	Salarios (€)	Cómputo anual (€)
* Grupo I		
-Persoal técnico titulado:		
Titulado de grao superior	907,36	13.610,40
Titulado de grao medio	847,00	12.705,00
* Grupo II		
-Persoal mercantil non titulado:		
Director	1.099,17	16.487,55
Xefe de persoal	907,36	13.610,40
Xefe de compras	907,36	13.610,40
Xefe de vendas	907,36	13.610,40
Encargado xeral	907,36	13.610,40
Encargado establecemento	846,90	12.703,50
-Persoal mercantil propiamente dito:		
Dependente	698,83	10.842,45
Corredor de praza	705,31	10.579,65
Aprendiz de primeiro ano	473,27	7.099,05
Aprendiz de segundo ano	493,11	7.486,65
Aprendiz de terceiro ano	529,73	8.890,95

Categoría	Salarios (€)	Cómputo anual (€)
* Grupo III		
-Persoal administrativo:		
Contable	847,00	12.705,00
Oficial administrativo	718,78	10.772,70
Auxiliar administrativo	650,21	9.753,15
* Grupo IV		
-Persoal de servizos e actividades auxiliares:		
Escaparatasta	723,18	10.847,70
Delineante	688,86	10.332,90
Oficial primeira e chofer (con permiso de condución de primeira)	687,60	10.314,00
Oficial segunda e chofer (con permiso de condución de segunda)	665,57	9.985,05
Axudante	650,19	9.752,85
Mozo especializado	650,19	9.752,85
Mozo	647,42	9.711,30
* Grupo V		
-Persoal subalterno:		
Cobrador	698,82	10.482,30
Vixilante, sereno, ordenanza, porteiro e persoal de limpeza	598,75	8.981,25

CENTRO DE ESTUDOS XUDICIAIS E SEGURIDADE PÚBLICA DE GALICIA

Resolución do 4 de febreiro de 2005 pola que se convoca un curso sobre formadores de educación viaria escolar.

Dentro das actividades programadas para o ano 2005, e conforme as funcións atribuídas pola Lei 1/2005, do 4 de xaneiro, de creación do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, anúnciase a realización dun curso sobre formadores de educación viaria escolar, segundo o previsto no artigo 23 da Lei 3/1992, do 23 de marzo, de coordinación das policía locais, que deberá desenvolverse conforme as seguintes bases:

Obxectivos.

Iniciar ou perfeccionar nas técnicas de educación viaria aos membros dos corpos de policía local que ben se incorporen á tarefa de formadores de educación viaria, ou a veñan xa desempeñando.

Coñecer os procedementos e metodoloxías máis adecuadas para desenvolver adecuadamente as funcións de formadores en educación viaria.

Destinatarios.

O curso vai dirixido aos membros dos corpos das policía locais de Galicia, que previamente realízen o curso de formadores de educación viaria nos centros escolares que se impartiu na Academia Galega de Seguridade en edicións anteriores.

Inscrición.

A inscrición dos participantes será totalmente gratuíta.

Prazas.

40.

Solicitudes.

1. O persoal que desexe participar neste curso deberá presentar, cuberta á máquina ou con letra moi clara, a instancia que figura no anexo. Terán preferencia aqueles que acrediten coa sinatura do